

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0016	Desenvolvemento socioafectivo	2023/2024	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BELÉN BLANCO VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento afectivo dos cativos e das cativas analizando as teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA2 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento social dos pequenos e das pequenas en relación cos factores influentes e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA3 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento en valores dos cativos e das cativas, en relación coas teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA4 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas, analizando as características evolutivas da sexualidade infantil e a influencia dos estereotipos sociais.
RA5 - Programa estratexias de intervención nos trastornos habituais de conduta e os conflitos nas relacións infantís, e analiza as teorías e as técnicas propostas.
RA6 - Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora.
RA7 - Avalía a intervención realizada no ámbito socioafectivo e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento afectivo dos nenos e das nenas.
CA1.2 Describíronse as principais características da afectividade infantil, así como a súa evolución e os trastornos máis frecuentes.
CA1.3 Valorouse a importancia do apego no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
CA1.4 Identificáronse e consideráronse as variables relevantes para o deseño da intervención.
CA1.8 Propuxéronse actividades favorecedoras do desenvolvemento da identidade persoal e dunha autoimaxe positiva.
CA2.1 Identificáronse as teorías acerca do desenvolvemento social dos cativos e das cativas.

Crterios de avaliación do currículo
CA2.2 Identifícanse e describíronse as funcións dos axentes sociais que interveñen no desenvolvemento social.
CA2.3 Describíronse as principais pautas evolutivas no desenvolvemento social: afectividade, evolución, apego e trastornos.
CA2.6 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características dos cativos e das cativas.
CA3.4 Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
CA3.5 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA3.6 Propuxéronse programas e actividades de educación en valores favorecedoras do desenvolvemento integral.
CA4.2 Identifícanse e describíronse os factores que inflúen na adquisición da identidade sexual.
CA4.3 Describíronse as principais características da sexualidade infantil.
CA4.4 Valorouse o papel dos estereotipos na construción da identidade sexual e formuláronse obxectivos adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA4.6 Identifícanse e describíronse os elementos contextuais, persoais e organizativos que favorezan ou dificulten unha práctica pedagóxica non sexista.
CA4.8 Describíronse programas, actividades e estratexias de actuación promotoras de igualdade.
CA4.9 Seleccionáronse recursos didácticos non sexistas para a intervención.
CA5.2 Identifícanse os trastornos de conduta e os conflitos nas relacións interpersoais máis frecuentes na infancia.
CA5.3 Establecéronse e describíronse as fases do programa de intervención.
CA5.4 Valorouse a importancia do diagnóstico na programación da intervención.
CA5.5 Establecéronse as estratexias e os instrumentos para identificar as causas dos trastornos de conduta ou de relación.
CA5.10 Valoráronse as limitacións dos pequenos e das pequenas para modular e controlar a conduta.
CA6.1 Describíronse as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas.

Criterios de avaliación do currículo
CA6.2 Identifícanse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva.
CA6.5 Organizáronse os espazos atendendo ás necesidades socioafectivas dos pequenos e das pequenas.
CA6.7 Respondeuse adecuadamente ante as continxencias relativas ao ámbito socioafectivo.
CA6.8 Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza.
CA7.1 Identifícanse os indicadores de avaliación máis pertinentes no ámbito socioafectivo.
CA7.4 Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.
CA7.5 Valorouse a importancia da obxectividade na obtención e no rexistro da información.
CA7.8 Elaboráronse informes coherentes coa información para transmitir e coa persoa que a vaia recibir.
CA7.9 Identifícanse as causas dunha intervención non adecuada.
CA7.10 Valorouse a importancia da avaliación para corrixir as desviacións e mellorar a intervención.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento afectivo dos cativos e das cativas analizando as teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA2 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento social dos pequenos e das pequenas en relación cos factores influentes e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA3 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento en valores dos cativos e das cativas, en relación coas teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA4 - Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas, analizando as características evolutivas da sexualidade infantil e a influencia dos estereotipos sociais.
RA5 - Programa estratexias de intervención nos trastornos habituais de conduta e os conflitos nas relacións infantís, e analiza as teorías e as técnicas propostas.
RA6 - Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora.

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA7 - Avalía a intervención realizada no ámbito socioafectivo e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado
Criterios de avaliación do currículo

CA1.5 Formuláronse obxectivos pertinentes ás características evolutivas dos cativos e das cativas.

CA1.6 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e as características dos pequenos e das pequenas.

CA1.7 Descríronse estratexias axeitadas para organizar o período de adaptación.

CA1.9 Valorouse a importancia das persoas adultas e dos proxenitores na construción dunha identidade persoal axustada.

CA1.10 Valorouse a importancia da afectividade no desenvolvemento integral do suxeito.

CA2.4 Identificáronse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención.

CA2.5 Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos nenos e das nenas no ámbito social.

CA2.7 Propuxéronse actividades e estratexias para o desenvolvemento de habilidades sociais nos cativos e nas cativas.

CA2.8 Propuxéronse actividades favorecedoras da observación e da exploración do contorno social.

CA2.9 Valorouse o papel da escola na socialización dos nenos e das nenas.

CA3.1 Identificáronse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento en valores dos pequenos e das pequenas.

CA3.2 Descríronse as características e a evolución da moralidade infantil.

Cráterios de avaliación do currículo

CA3.3 Identifícaronse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención.

CA3.7 Valorouse a actitude das persoas adultas na interiorización de valores e normas nos nenos e nas nenas de cero a seis anos.

CA4.1 Identifícaronse as concepcións acerca do desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas.

CA4.5 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias favorecedoras do desenvolvemento dunha identidade sexual.

CA4.7 Establecéronse estratexias e mecanismos para a detección de elementos que dificultan a igualdade dos sexos.

CA4.10 Valorouse a necesidade de analizar as propias actitudes e os comportamentos relacionados coa igualdade de sexos.

CA5.1 Descríbíronse as principais teorías e técnicas de intervención ante os trastornos habituais de conduta.

CA5.6 Identifícaronse as técnicas de intervención máis acaídas para cada situación.

CA5.7 Descríbíronse estratexias de mediación que propicien o consenso na infancia.

CA5.8 Descríbíronse os instrumentos máis adecuados para o seguimento da intervención.

CA5.9 Descríbíronse as pautas de actuación correcta por parte do educador ou da educadora ante os problemas de conduta e os conflitos nas relacións infantís.

CA6.3 Identifícaronse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas.

CA6.4 Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas.

CA6.6 Dispuxéronse os recursos e os agrupamentos de xeito que se propicie a interacción libre dos nenos e das nenas.

CA6.9 Respectouse o principio de igualdade dos sexos no desenvolvemento da intervención.

CA6.10 Aplicáronse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista.

CA7.2 Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información sobre a situación socioafectiva do cativo ou da cativa.

CA7.3 Xustificouse a importancia da avaliación inicial.

Criterios de avaliación do currículo

CA7.6 Interpretouse correctamente a información recollida dos procesos de avaliación.

CA7.7 Identificáronse as situacións que requiran a participación doutro persoal profesional e as pautas de actuación.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva:

Todos os RAs cos seus CAs correspondentes a presente programación, establecidos no currículo do ciclo de educación infantil (Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil) no módulo de desenvolvemento socioafectivo.

Criterios de cualificación:

En todo o referido á proba seguirase o contido na Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada por la 3/2020 de 29 de decembro de educación. Mais procede explicitar o seguinte:

Primeira parte: proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Esta parte, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte: proba práctica: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final da proba será unha expresión numérica, entre un e dez, sen decimais. Esta cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números

enteiros, o redondeo da mesma farase do seguinte xeito: ata 0,5 decimais redondease para abaixo, a partir de 0,6 decimais redondearase a nota a alza. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Ademais dos criterios de avaliación descritos no currículo, a profesora terá en consideración para a cualificación da proba os seguintes aspectos:

- Limpeza e orde nos documentos de exame.
- Coñecemento e uso correcto do vocabulario técnico relacionado do módulo e coa Educación Infantil en xeral.

Durante a realización da proba os teléfonos móbiles permanecerán apagados ao igual que calquera dispositivo dixital (véxanse reloxs).

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun un cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá na realización dunha proba de carácter obxectivo e suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. As preguntas da proba escrita poderán ser dos seguintes tipos: tipo test presentando varias respostas das cales unha é correcta, de resposta corta, de relacionar conceptos, de identificar imaxes de recursos propios da educación infantil, etc. No cuestionario, de ser o caso, engadiranse 5 preguntas de reserva e no caso de que algunha delas tivera que ser eliminada pasaranse a contabilizar estas pola orde establecida nas mesmas. No apartado de test, se fose o caso, penalizaranse as respostas incorrectas de xeito que dúas respostas erróneas invalidarán unha resposta correcta. As preguntas que non se contesten, non computarán nin positiva nin negativamente. A proba terá unha duración máxima de 2 horas. Ata transcorridos 15 minutos ningunha persoa poderá entregar e abandonar a aula de exame. Esta primeira parte da proba, que terá carácter eliminatorio, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Cada aspirante debe presentar o seu Documento Nacional de Identidade e dispor dun bolígrafo negro ou azul de tinta indeleble.

4.b) Segunda parte da proba

Na segunda parte da proba, a partir de un ou varios supostos -que consistirán na descrición dunha situación de planificación da intervención educativa por parte do educador ou educadora infantil- a/o aspirante deberá desenvolver dito suposto según se lle requira (contestar a cuestións que poden ser tipo test, pregunta curta ou de desenvolvemento, ou ben, realizar a planificación ou implementación dalgunha proposta) que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Coas súas propostas de solución a/o aspirante debe amosar que posúe e sabe aplicar os coñecementos, habilidades e actitudes precisas para intervir nestes ámbitos coa infancia.

A proba terá unha duración máxima de 2 horas. Nos primeiros 15 minutos ningunha persoa poderá entregar e abandonar a aula de exame.

O alumnado virá provisto unicamente de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble para a realización da proba. O resto do material necesario para o seu desenvolvemento facilitarallo a comisión de avaliación.

Traerá o DNI para a súa identificación.

Esta segunda parte da proba poderá cualificarse de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.